



FEPLAC

Federación de Empresarios Productores de Lácteos
G-15707839

Desde Feplac-Galicia cremos que o aumento do 2% da cuota acordado no día de onte en Europa no é a mellor noticia para España, nen para Galicia, dado que aumentarán mais as desigualdades entre países produtores, -xa que aos que mais lles sobra máis lles vai a sobrar-, invadindo aos deficitarios, como é o caso de España, e que estamos a padecer estes días con caídas de prezos no campo, debido a entrada de leite procedente de Francia. Neste particular compartimos o sentir do Conselleiro do Medio Rural, e estamos de acordo coa súa valoración.

O problema do sector neste momento é a caída de prezos no campo; e o error por parte do ministerio é o de sacar aos gandeiros españois o valor das súas licencias de cuota, xa que ata o 2005 éste era tan alto que valían mesmo como avales para financiarse, e agora carecen totalmente de valor, chegando incluso á prohibición da súa venda e en caso de permitilo faise moi por debaixo do seu valor real.

Lamentamos que o Ministerio non fose capaz de facer unha defensa mellor dos intereses dos gandeiros españois e galegos, deberían interesarse máis polas xentes que apostaron polo sector, protexendo o patrimonio dos mesmos.

Xaquín López
Presidente de Feplac-Galicia
Tfno: 699 900 995